



# PROTOCOLO DE AUTODEFENSA

3M Lugo 2019

**Xuntas somos máis fortes, xuntas somos imparábeis,  
xuntas somos REVOLTA!**

Ao teu redor, o resto de mulleres tamén forman parte do noso sistema de autodefensa. Porque se nos agreden a unha, agrédennos a todas.

**Cada unha de nós somos a autodefensa de todas.**

Como un elemento máis desta tarefa decidimos non admitir a participación nas manifestacións e concentracións convocadas desde Galegas 8M de organizacións sociais ou políticas que teñan operado desde o silenciamento ou a tibieza ante agresións e denuncias de violencias machistas.

Un dos principios fundamentais do movemento feminista é a autorganización dos **coidados e da autodefensa das mulleres** perante as agresións psicolóxicas, verbais ou físicas fundamentadas no machismo, na misoxinia e nas relacións de poder patriarcais.

## Equipa de autodefensa

Algunhas de nós ofrecémonos a asumir un rol máis activo nesta labor; é por iso que haberá un **grupo de mulleres identificadas con brazaletes lilás** que tentarán coordinar espazos e actuacións ante as agresións. Mesmo así, lembramos: a autodefensa somos todas.

## Como actuar no caso de agresión

**Reaccionemos**, non fiquemos paralizadas, valoremos a situación e alertemos ás compañeiras máis próximas, nunca permitamos que ningunha compañeira quede illada.

**Agresións verbais:** interpelemos ás persoas agresoras e convidémolas a que desistan no seu comportamento; podemos berrar consignas ata que se retiren. No caso de que non desistan podemos facerlle un cerco e intentar illalas ou botalas directamente do espazo.

**Agresións físicas:** non debemos pornos en perigo, pero debemos intervir no conflito e protexer ás compañeiras atacadas; xuntar un grupo grande de mulleres que ille ao agresor e limitar a súa capacidade para moverse. Debemos permanecer alerta e no lugar, impedindo unha nova agresión, até que o foco desta desapareza, asegurándonos que as persoas agresoras desistan de seguir ás compañeiras e de que non permanecen preto de nós.

## Papel dos homes na manifestación

As mulleres somos as artífices e suxeitos políticos destas mobilizacións. O protagonismo da manifestación é para o feminismo e as organizacións de mulleres.

Os **homes** que acudides facédelo **no papel de aliados, non de protagonistas**, non debes ir nas faixas ou portar altofalantes. Que os homes tentedes liderar e ser protagonistas nunha folga de mulleres é outro modo de violencia que imos rexeitar; o voso papel **é secundario** e ten que ser asumido sen estridencias.

### Faixas, ritmos e percorrido

Coordinémonos entre todas para deixar suficiente espazo para que se vexan todas as faixas e para que a manifestación leve bo ritmo sen separarse, seguindo a seguinte distribución dos espazos:

<p><b>Carril lento</b></p> <p>Espazo reservado a persoas con carriños de crianzas, cadeiras de rodas, bastóns, ...</p>	<p><b>Faixa de Galegas8M</b></p> <p>Por todos os dereitos, por todas as mulleres: Revolta Feminista!</p> <hr/> <p><b>Organizacións feministas non mixtas e mulleres individuais que forman parte de Galegas8m</b></p>  <p><b>Outras organizacións feministas non mixtas e mulleres individuais</b></p>	<p><b>BLOQUE NON MIXTO</b></p>
<p><b>Carril lento</b></p>	<p><b>Organizacións feministas mixtas</b>, partidos políticos, sindicatos, asociacións, ongs, persoas a título individual, ...</p>	<p><b>BLOQUE MIXTO</b></p>

**NOTA:** As crianzas ou persoas con necesidades de apoio poden acompañar ás mulleres no lugar que estas decidan ocupar.

**Todas temos responsabilidade no bo decorrer desta mobilización. Todas coidamos de todas. Todas axudamos a facer da manifestación un evento seguro, empoderador, feminista! Xuntas somos mais fortes, xuntas somos imparabeis, xuntas somos REVOLTA!**